

DEPTO. LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

1º BAC.

CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES E CRITERIOS DE AVALIACIÓN A TER EN CONTA PARA A OBTENCIÓN DUNHA AVALIACIÓN POSITIVA

1. Comunicación oral e escrita: o texto.
 - Xéneros textuais orais e escritos.
 - Tipos e características lingüísticas.
 - As propiedades textuais.
2. Técnicas de procura de información: medios tradicionais e novas tecnoloxías. O tratamento da información.
3. Coñecemento da lingua:
 1. A gramática.
 - As categorías gramaticais
 - Oración e enunciado.
 - Funcións sintácticas.
 - Análise e clasificación de oracións simples (segundo o MODUM e o DICTUM)
 - Análise da oración composta.
 2. Principios básicos da corrección lingüística. Normas ortográficas.
 3. As variedades da lingua.
 - Históricas, espaciais, sociais e de estilo.
 - Situación lingüística de España.
 - Linguas en contacto: interferencias.
4. Educación literaria:
 1. Características da lingua literaria. Os xéneros literarios.
 2. Evolución histórica das formas literarias.
 - 2.1. Idade Media: marco histórico e cultural.
 - a) A lírica tradicional e a lírica culta: corpus dos "Cancioneros" e do "Romancero".
 - b) A épica medieval: "cantares de gesta", *Cantar de Mio Cid*. Gonzalo de Berceo. Arcipreste de Hita.
 - c) As orixes da prosa romance castelá: de Alfonso X a Don Juan Manuel.
 - d) Orixes do teatro. Fernando de Rojas, *La Celestina*.
 - 2.2. A transición ao Renacemento.
 - 2.3. Século XVI: Renacemento. Marco histórico e cultural. O Humanismo.
 - a) Lírica: temas e novas estruturas. Garcilaso de la Vega. Fray Luis de León. Místicos.
 - b) Narrativa: tipoloxía da novela. A novela picaresca.
 - c) Cervantes e a novela moderna: *El Quijote. Novelas ejemplares*.

- 2.4. Século XVII. Barroco. Marco histórico e cultural.
- a) Lírica: Góngora e Quevedo. Tendencias.
 - b) Narrativa: evolución dos xéneros e os temas. *El Buscón* de Quevedo.
 - c) Teatro: Lope de Vega, Tirso de Molina, Calderón de la Barca. A renovación da "Comedia Nueva".
- 2.5. Século XVIII. Neoclasicismo. Marco histórico e cultural.
- a) Poesía: fábula, poesía anacreóntica.
 - b) a prosa de Cadalso, o ensaio e a crítica de Feijoo e Jovellanos;
 - c) teatro: Moratín.
- 2.6. Século XIX.
- Romanticismo: marco histórico e cultural.
- a) Lírica: Espronceda, Bécquer e Rosalía de Castro.
 - b) Prosa: xéneros. Bécquer e Larra.
 - c) Teatro.
- Realismo e Naturalismo: marco histórico e cultural. Galdós, Clarín e Pardo Bazán.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación establecidos son os seguintes:

- Expor oralmente un tema especializado con rigor e claridade, documentándose en fontes diversas, organizando a información mediante esquemas, seguindo unha orde preestablecida e utilizando as técnicas de exposición oral e as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Sintetizar por escrito o contido de textos de carácter expositivo e argumentativo sobre temas especializados, conferencias, clases, charlas, videoconferencias, etc., discriminando a información relevante e accesoria, e utilizando a escoita activa como un medio de adquisición de coñecementos.
- Extraer información de textos orais e audiovisuais dos medios de comunicación, recoñecendo a intención comunicativa, o tema e a estrutura do contido, identificando os trazos propios do xénero xornalístico e os recursos verbais e non verbais utilizados, e valorando de forma crítica a súa forma e o seu contido.
- Desenvolver por escrito un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical, empregando distintas estruturas expositivas (comparación, problema-solución, enumeración, causa-consecuencia, ordenación cronolóxica, etc.) e utilizando os recursos expresivos adecuados ás condicións da situación comunicativa.
- Ler, comprender e interpretar textos xornalísticos e publicitarios de carácter informativo e de opinión, recoñecendo a intención comunicativa, identificando os trazos propios do xénero e os recursos verbais e non verbais utilizados, e valorando de forma crítica a súa forma e o seu contido.
- Realizar traballos de investigación sobre temas do currículo ou da actualidade social, científica ou cultural, planificando a súa realización, obtendo a información de fontes diversas e utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación para a súa realización, a súa avaliación e a súa mellora.
- Aplicar sistematicamente os coñecementos sobre as categorías gramaticais e estruturas sintácticas na realización, autoavaliación e mellora dos textos orais e escritos, tomando conciencia da importancia do coñecemento gramatical para o uso correcto da lingua.

- Recoñecer e identificar os trazos característicos das categorías gramaticais (substantivo, adxectivo, verbo, pronomes, artigos e determinantes), e explicar os seus usos e valores nos textos.
- Recoñecer os trazos propios das tipoloxías textuais identificando a súa estrutura e os trazos lingüísticos máis importantes en relación coa intención comunicativa.
- Aplicar os coñecementos adquiridos para a elaboración de discursos orais ou escritos con adecuada coherencia e cohesión.
- Coñecer e manexar fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas sobre o uso correcto da lingua e avanzar na aprendizaxe autónoma.
- Coñecer a orixe e a evolución das linguas de España e as súas principais variedades dialectais, recoñecendo e explicando os seus trazos característicos en manifestacións orais e escritas, e valorando a diversidade lingüística como parte do patrimonio cultural do noso país.
- Recoñecer os usos sociais e funcionais da lingua, amosando interese por ampliar o seu propio repertorio verbal e evitar os prexuízos e estereotipos lingüísticos.
- Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.
- Realizar o estudo das obras máis representativas da literatura española desde a Idade Media ata o século XIX a través da lectura e a análise de fragmentos e obras significativas.
- Ler e analizar fragmentos ou obras completas significativas desde a Idade Media ao século XIX, identificando as súas características temáticas e formais en relación co contexto, o movemento, o xénero ao que pertence e a obra do/da autor/a, e constatando a evolución histórica de temas e formas.
- Interpretar criticamente fragmentos ou obras significativas desde a Idade Media ao século XIX, detectando as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural.
- Planificar e elaborar textos de intención literaria, traballos de investigación escritos ou presentacións sobre temas, obras ou autores/as da literatura desde a Idade Media ata o século XIX, obtendo a información de fontes diversas e achegando un xuízo crítico persoal e argumentado con rigor.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación global da avaliación será o resultado de ponderar os seguintes apartados:

EXAMES OU PROBAS ESCRITAS: Sobre os contidos explicados na clase: 85% da nota final da avaliación.

ACTITUDE E TRABALLO: Valorarase o traballo diario, o interese do alumno pola materia, o comportamento, a participación en clase, a boa presentación, limpeza e orde dos traballos, cadernos e exames: 15%.

Neste apartado valorarase que o alumno non sexa sancionado con apercibimentos e/ou repetidas faltas de orde e que o seu comportamento se axuste ás normas de convivencia do centro; que acuda a clase co material, o utilice na aula e o conserve en bo estado; a presentación dun caderno pulcro, ordenado e con todos os exercicios feitos na clase.

LECTURAS OBRIGATORIAS: O alumno ha de superar as probas que o profesor

dispoña con respecto á/s lectura/s obrigatorias de cada trimestre ou avaliación.

PENALIZACIÓN POR FALTAS DE ORTOGRAFÍA: Descontarase 0,1 puntos por cada til incorrecto e 0.25 polas restantes faltas de ortografía, ata un máximo de 2 puntos. Os erros graves e continuados na coherencia e cohesión tamén poden ser penalizados neste apartado.

Realizaranse dúas probas ou exames de contidos en cada avaliación coa seguinte ponderación: 40% da nota obtida no primeiro exame+60% da nota obtida no segundo exame da avaliación.

NOTA DA AVALIACIÓN: A nota mínima, una vez feitas as medias e ponderacións pertinentes, que se establece como aprobado será un 5.

Poderanse establecer recuperacións cada trimestre e/ou a final de curso para aqueles alumnos que non acaden o 5.

Para a avaliación extraordinaria de setembro establécense os seguintes puntos:

- ✓ Só se terá en conta para a cualificación o exame realizado.
- ✓ Serán materia de exame as lecturas obrigatorias marcadas durante o curso.
- ✓ O profesor que así o estime poderá mandar traballo de verán a aqueles alumnos suspensos na convocatoria de xuño.